

boiro

a violencia de xénero

**Protocolo de actuación para
integrantes da Mesa Municipal
contra a Violencia de Xénero do
Concello de Boiro**

índice

1. limiar
2. para que é este documento
3. quen é quen
4. como identificar as violencias
 - 4.1. o ciclo da violencia
 - 4.2. tipos de violencia
 - 4.3. posibles sinais
5. que facer, a quen chamar

1. limiar

A violencia de xénero é un problema social e da saúde das mulleres que precisa da coordinación entre os diferentes estamentos públicos e privados para a loita contra ela.

Unha coordinación que xeralmente xa existe, especialmente a nivel local, pero que ás veces é resultado da iniciativa e do benfacer das diferentes persoas integrantes de devanditas entidades, que pola vontade política de definir e consensuar un protocolo conxunto.

O Concello de Boiro ten ese compromiso coas mulleres e coa sociedade en xeral de loitar contra as violencias machistas, a través da prevención, da sensibilización, da formación, do acompañamento, etc.

Pero esta loita precisa, ademáis dese impulso político, dunha coordinación, dun traballo en rede, da colaboración entre as diferentes entidades que, dunha forma ou outra, participan dela: forzas e corpos de seguridade, o sistema educativo, o sistema santiario, entidades sociais, etc.

Neste sentido, o Concello de Boiro pon en marcha a Mesa Municipal contra a Violencia de Xénero, na cal van participar aquelas entidades que, dunha forma ou outra, teñen algo que achegar na loita contra as violencias machistas: detección, apoio, acompañamento, sensibilización, etc.

Agardamos que este traballo contribúa a visibilizar e a sensbilizar á sociedade desta loita conxunta e colaborativa, e para que as mulleres vítimas saiban que contan co apoio insitucional que precisen.

2. para que é este documento

Este documento pretende ser unha **ferramenta de apoio e de consulta** para as persoas e entidades que forman parte da Mesa Municipal contra a Violencia de Xénero do Concello de Boiro, así como calquera outra que teña dúbidas sobre como actuar cando...

-Teña sospeita de atoparse ante un caso de violencia de xénero e precisen dalgún tipo de asesoramento específico.

-Se atope ante un caso de violencia de xénero e sexa preciso derivar a outros servizos.

-Se atope ante un caso de violencia de xénero e sexa precisa axuda sanitaria urxente.

3. quen é quen

Forman parte da Mesa Municipal contra a Violencia de Xénero e, por tanto, deste protocolo:

- **CIM (Centro de Información á Muller) de Boiro**
- **Servizos Sociais do Concello de Boiro**
- **Garda Civil de Boiro**
- **Policía Local de Boiro**
- **Policia Nacional de Ribeira**
- **Sistema sanitario**
- **Centros Educativos**
- **Entidades Asociativas en materia de igualdade e xénero: Cruz Vermella, Amicos e Unión de Muchachas**
- **Representantes de grupos políticos**

CIM (Centro de Información á Muller) de Boiro

Enderezo Concello de Boiro. Pza. de Galicia, s/n - 2º andar
15930 Boiro, A Coruña

Contacto Horario: de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

Teléfono de contacto:

981 84 48 00 extensións 1282 e 1285

cim@boiro.org

Funcións xerais Asesoramento para mulleres, individualizado ou colectivo, e de apoio en temas xurídicos, sociais, laborais, psicolóxicos encamiñados á consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

-Asistencia xurídica.

-Asistencia psicolóxica.

Psicóloga Horario: martes, xoves e venres de 9.00 a 14.15 horas.

Teléfono de contacto:

981 84 48 00 ext. 1281 / 623 339 403

Asistencia xurídica Horario: martes e xoves de 9.00 a 14.15 horas

Teléfono de contacto:

981 84 48 00 ext. 1282

Servizos Sociais do Concello de Boiro

Enderezo Enderezo: Concello de Boiro. Pza. de Galicia, s/n - 2º andar
15930 Boiro, A Coruña

Contacto Teléfono de contacto:

981 844 800 extensión 1203

s.sociais@boiro.org

Funcións xerais

- Valoración de dependencia.
- Trámites discapacidade.
- Tarxetas discapacidade.
- Traballos en beneficio da comunidade.

- Pensións no ncontributivas.
- Risga

Garda Civil de Boiro

**Enderezo
Contacto**

Enderezo: Rúa Espiñeira, 73, 15930 Boiro, A Coruña
Teléfono de contacto:
981849980

**Funcións
xerais**

- Tramitación de denuncias.
- Asignación de niveis de risco de casos de violencia de xénero (Viogen).
- Seguemento de casos de violencia de xénero: seguementno a vítimas e a maltratadores.
- Medidas de protección a vítimas.
- Derivación a outros servizos.

Policía Local de Boiro

**Enderezo
Contacto**

Av. da Constitución, 1, 15938 Boiro, A Coruña
Teléfono de contacto:
981848484

**Funcións
xerais**

Atención e seguridade cidadá

Policía Nacional de Ribeira

**Enderezo
Contacto**

Rúa Barbanza, 39, 15960 Ribeira, A Coruña
Teléfono de contacto:
981 87 48 23

**Funcións
xerais**

ribeira.jefeufam@policia.es
Atención e seguridade cidadá

Sistema sanitario

Centro de Saúde de Boiro. Área sanitaria Santiago-Barbanza

Enderezo

Saltiño, s/n, 15930 Boiro, A Coruña

Contacto

Traballador/a social

Matrona

Teléfono de contacto:

981842777

Funcións xerais da matrona

Asesoramento sobre:

- Métodos anticonceptivos.
- Programas de educación no embarazo, nacemento, posparto.
- Saúde sexual e reprodutiva.
- Climaterio.

Programas de citoloxías para a prevención precoz do cancro de cérvix.

Asesoramento ás mulleres sobre coidados de hixiene íntima.

Acompañamento da muller durante o embarazo.

Centros educativos

CEIP Cespón

Enderezo Estrada Vr-G11, 23, 15991 Boiro, A Coruña
Contacto Teléfono de contacto:
881866691
Ceip.cespon@edu.xunta.gal

IES Praia de Barraña

Enderezo Av. de Compostela, 50, 15992 Boiro, A Coruña
Contacto Teléfono de contacto:
881866601
ies.barrana@edu.xunta.es

IES Espiñeira

Enderezo Costa de Espiñeira, 15938 Boiro, A Coruña
Contacto Teléfono de contacto:
881866630
ies.espineira@edu.xunta.es

IES A Cachada

Enderezo Avenida Municipalidad de Avellaneda, s/n, 15938
Boiro, A Coruña
Contacto Teléfono de contacto:
881866717
ies.acachada@edu.xunta.es

Funcións xerais dos departamentos de orientación:

- Avaliacións psicopedagóxicas do alumado.
- Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Atención e seguemento a alumnado con necesidades específicas.
- Colaboración con outros departamentos na elaboración de plans de convivencia, espazos para familias, proxectos diversos.
- Colaboración con servizos sociais, culturais e educativos da contorna.

En xeral, os departamentos de orientación así como os de dirección son fundamentais á hora de detectar posibles casos de violencia nos centros educativos, pero tamén á hora de formar e sensibilizar ao alumnado sobre esta materia e como evitar situacións de violencia.

Cruz Vermella

Enderezo Contacto

Principal, 77 (3º andar) 15930 Boiro, A Coruña
Teléfono de contacto:
981844804
ssboiro@cruzroja.es

Funcións xerais

- Atención a personas en situación de vulnerabilidade.
- Acomañamento a vítimas de violencia de xénero, a través de dispositivo móbil.
- Axudas e asesoramento, bolsas de emprego, formación, etc.

AMICOS

Enderezo Contacto

Comoxo, 15983 Boiro, A Coruña
Teléfono de contacto:
981 86 57 16
nonestassoa@amicos.org

Funcións xerais

- Centro de día e centro residencial para persoas con discapacidade e grandes necesidades de atención.
- Psicomotricidade.
- Estimulación sensorial e cognitiva.
- Actividades da vida diaria.
- Comunicación e linguaxe.

UNIÓN DE MUCHACHAS

Enderezo Contacto

Unitaria do Saltillo
Teléfono de contacto:
981 844800
uniondemuchachas@gmail.com

Funcións xerais

- a) Promover accións culturais e transformadoras que velen polos intereses públicos construídos á marxe da administración.
- b) Realizar proxectos e iniciativas dende a cultura que contribúan ao desenvolvemento social da comunidade.
- c) Fomentar a participación cidadá a través da xestión baseada na comunidade e no procomún.
- d) Desenvolver actividades educativas que busquen a reflexión comunitaria e respondan ás necesidades expresadas dende a comunidade.

- e) Poñer en valor o tecido asociativo, social e cultural do territorio.
- f) Impulsar novas formas de pedagogía comunitaria e social.
- g) Visibilizar a identidade cultural da contorna.

Representantes de grupos políticos

- Partido Popular
- BNG
- Grupo Mixto
- Boiro Novo
- IC Boiro
- PSOE

4. como identificar as violencias


Según a Lei 11/2007 de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia de xénero é calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de **desigualdade** no marco dun sistema de relación de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano **físico, sexual ou psicolóxico**, incluídas as **ameazas** de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

Existen diferentes tipos de violencia, que é preciso saber coñecer e identificar. Isto ás veces non é tan doado, xa que hai certas cuestións moi interiorizadas e arraigadas na nosa sociedade. En calquera caso, a violencia de xénero existe porque existe a **desigualdade** entre mulleres e homes, e isto ten que ver coa existencia **duns roles de xénero** aceptados a nivel social (percepción social de certas actividades e/ou comportamentos como masculinas ou femininas).

Para poder identificar as violencias é preciso saber como funciona e con que tipos de violencias podemos atoparnos.

4.1. o ciclo da violencia

Termo definido por Leonore Walker en 1979, que identifica tres fases que se repiten de xeito sucesivo:



4.2. tipos de violencia

Física

Acto de forza contra o corpo da muller, exercido polo home, con resultado ou con risco de producir lesión física ou dano: labazadas, empurróns, mordeduras, queimaduras, traumatismos...

Sexual

Actos de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que atentan contra a súa liberdade sexual: esixencias, prácticas non consentidas, chantaxe, acoso, prostitución.

Psicolóxica

Conduta que atenta contra a dignidade ou integridade psicolóxica da muller: menosprezos, insultos, vexacións, illamento.

Económica

Control dos recursos económicos e patrimoniais: negación de cartos, roubo, xestión do patrimonio sen consentimento.

Dixital

Ameazas ou chantaxes a través de redes sociais ou outras plataformas, control (whatsapp, redes sociais, chamadas, etc), limitación ou negación ao acceso á tecnoloxía por diferentes medios, etc.

4.3. posibles sinais

Física

Acto de forza contra o corpo da muller, exercido polo home, con resultado ou con risco de producir lesión física ou dano: labazadas, empurróns, mordeduras, queimaduras, traumatismos...

Sexual

Actos de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que atentan contra a súa liberdade sexual: esixencias, prácticas non consentidas, chantaxe, acoso, prostitución.

Psicolóxica

Conduta que atenta contra a dignidade ou integridade psicolóxica da muller: menosprezos, insultos, vexacións, illamento.

Económica

Control dos recursos económicos e patrimoniais: negación de cartos, roubo, xestión do patrimonio sen consentimento.

Dixital

Ameazas ou chantaxes a través de redes sociais ou outras plataformas, control (whatsapp, redes sociais, chamadas, etc), limitación ou negación ao acceso á tecnoloxía por diferentes medios, etc.

4.3. posibles sinais

Neste apartado amósanse algúns posibles sinais que poderían ser indicativas de violencia, o que non significa que por detectar un ou varios deles, a muller esté sufrindo esta situación.

A persoa que atende ou ten contacto cunha muller que pode estar sufrindo unha situación de violencia de xénero pode presentar algún/s destes sinais:

Mulleres en situación de violencia continuada:

- Illamento social, situación de desemprego ou sen traballo, recursos económicos controlados.
- Estado confuso, dificultade para razoar e tomar decisións de forma lóxica.
- Ansiedade: nervios, malhumor, temblor, alerta, présa.
- Síntomas depresivos: mirada chorona, cara triste, apatía.
- Ocultación: mentiras, miradas evasivas, explicacións pouco coherentes.
- Fisicamente: maquillaxe, roupa inaxeitada (manga longa en verán, taparse zoas do corpo de forma excesiva, etc).

Se a parella ou prostituidor está presente, adoita amosarse como controlador, que toma a iniciativa en tódolos aspectos ou ben despreocupado, restando valor á muller.

A muller, se el está diante, adoita presentar un comportamento de “nena”, un segundo plano.

5. que facer e a quen chamar

Recoñecer, explicar, expresar unha situación de violencia de xénero é o resultado dun proceso que pode levar tempo. Un tempo doloroso, con altos e baixos. Expresar e explicar este tipo de feitos supón volver a pasar por eles, e debe realizarse nun ambiente de tranquilidade, de escoita activa, de confidencialidade e de confianza.

Unha muller vítima de violencia de xénero non debería pasar por este proceso máis dunha vez e sempre debe sentirse acompañada, non xulgada.

Como entidade que forma parte da rede de axuda a vítimas de violencia de xénero, que podes facer?

-Observar e escoitar

- Observar: saber recoñecer os posibles sinais dunha situación de violencia de xénero.
- Xerar confianza e seguridade. Atender nun espazo discreto, tranquilo e íntimo, no que non se sinta observada ao entrar e/ou saír, etc.
- Escoitar: non xulgar, non vitimizar, non culpabilizar, non facer de menos as situacións que describe.

-Informar e asesorar

- Según a entidade á que representes, podes informar sobre os dereitos, recursos, e procedementos de atención e asistencia ás mulleres. Xeralmente ese labor de asesoramento e información é realizado dende o Centro de Información á Muller.

-Derivar

- No caso de observar e, sobre todo, se a muller recoñece ser vítima de violencia de xénero, podes poñerte en contacto e derivar, según as circunstancias específicas nas que se atope:
 - No caso de existir danos físicos e/ou psicolóxicos que precisan asistencia sanitaria urxente: contactar cos servizos sanitarios. Acompañamento no caso de ser preciso.
 - No caso de existir risco para a súa integridade física, solicitar protección policial ou da Garda Civil.
 - No caso de requirir aloxamento de emerxencia, contactar cos servizos sociais e/ou o CIM.
 - No caso que queira poñer unha denuncia, derivar á Garda Civil.
 - No caso de que precise asesoramento de tipo legal, administrativo, derivar ao CIM e/ou servizos sociais.
 - No caso de precisar asistencia psicolóxica, derivar ao CIM.

As derivacións que se realicen deben ser **consentidas pola muller** e reflexadas por **escrito**.


Aínda que non se mencione como parte dos seguintes protocolos, destacar que:

- As familias, servizos públicos, e en xeral aquelas persoas que teñan coñecemento da existencia deste tipo de agresións, poderán poñelo en coñecemento do Xulgado, do Ministerio Fiscal ou de Autoridade Policial, para que actúen de oficio e impulsen o procedemento investigando os feitos.


- Ademais o artigo 262 da Lei de Axuizamento Criminal dispón que: “As persoas que por razón dos seus cargos, profesións ou oficios tiveren noticia dalgún delito público (dentro dos delitos públicos sitúase a violencia de xénero) estarán na obriga a denuncialo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, ao Tribunal competente, ao Xuíz/a de instrución e, na súa falta, ao municipal ou ao funcionario/a de policía máis próximo ao sitio, se se tratase dun delito flagrante”.
- No relativo a menores, segundo o establecido no artigo 13 da Lei orgánica 1/1996 de Protección Xurídica de menores “Toda persoa ou autoridade, e especialmente aqueles que pola súa profesión ou función, detecten unha situación de risco ou posible desamparo dun menor, comunicaranlo á autoridade ou os seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise”.

De seguido amósanse de xeito esquemático os itinerarios a seguir según onde se detecte un posible caso de violencia de xénero. Estes itinerarios son orientativos e sempre suxeitos ás circunstancias específicas de cada caso.

MULLER CHEGA Á POLICÍA LOCAL




MULLER CHEGA Á GARDA CIVIL




MULLER CHEGA AO CENTRO DE SAÚDE


SOSPEITA DE SITUACIÓN DE VIOLENCIA




SITUACIÓN DE VIOLENCIA



MULLER CHEGA A SERVIZOS SOCIAIS



MULLER CHEGA AO CIM



ACTUACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO

